



ONGd PARA LA INTEGRACIÓN
DE LAS PERSONAS MIGRANTES
Y LA COOPERACIÓN INTERNACIONAL



Facultade de Socioloxía
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Centro Universitario de Formación
e Innovación Educativa

Aprendizaxe-Servizo nas prácticas curriculares do Grao en Socioloxía: unha experiencia na ONGd Ecos do Sur

Innovación Educativa Aprendizaxe Servizo (ApS)

Descrición da experiencia

Trátase dunha actividade de Aprendizaxe-Servizo (ApS) que se enmarca na materia do Prácticum do Grao en Socioloxía levada a cabo nun centro de referencia a nivel nacional como é a ONGd Ecos do Sur.

Os estudantes implicados na actividade tiveron a oportunidade de participar nun proxecto onde a adquisición de coñecementos e competencias, conseguiu mellorar notablemente a súa capacitación profesional e tamén humana.

De feito, a realización do proxecto de ApS supuxo un espazo de reflexión, acercamento e inmersión dos estudantes nunha realidade sociolóxica moi complexa, tratando de primeira man e *in situ* diferentes problemáticas de índole social relacionadas coa pobreza, a saúde e benestar, a igualdade de xénero, o dereito ó traballo e a redución das desigualdades.

ODS ós que contribúe

- Fin da pobreza.
- Saúde e benestar.
- Igualdade de xénero.
- Traballo decente e crecemento económico.
- Redución das desigualdades.



Necesidade social á que atende o proxecto

A actividade vai dirixida á integración das persoas migrantes e a cooperación internacional. De maneira específica, os obxectivos ós que contribúe o proxecto son:

- 1/ Propiciar a integración social e laboral das persoas inmigrantes, retornadas, así como de outros colectivos en situación de vulnerabilidade.
- 2/ Dar a coñecer a situación socioeconómica dos países do Sur, sensibilizando sobre as súas realidades, e cooperando para o seu desenvolvemento.
- 3/ Impulsar a Cooperación ó Desenvolvemento.

Participantes

No proxecto levado a cabo, e que acadou a primeira certificación de ApS no Grao en Socioloxía, participaron dous estudantes de 4º curso e os coordinadores do Prácticum. As tarefas específicas realizadas polos **coordinadores** foron:

1/ Titorización académica dos estudantes e elaboración da memoria de solicitude de recoñecemento da ApS (Profesora Ariadna Rodríguez Teijeiro).

2/ Supervisión das memorias dos estudantes e elaboración da memoria de solicitude de recoñecemento da ApS (Profesora Laura Román Masedo).

3/ Supervisión das memorias dos estudantes e elaboración da memoria de solicitude de recoñecemento da ApS (Profesor Raimundo Otero Enríquez).

Por parte dos **estudantes**, estes realizaron durante o proxecto de ApS as actividades e tarefas recollidas no seguinte cadro explicativo:

Resumo das actividades realizadas no marco do proxecto de ApS	
Grupo de actividade	Tarefa
(1) Elaboración de informes	<ul style="list-style-type: none"> Informe sobre a situación migratoria dos barrios da Agra do Orzán e a Sagrada Familia, comparándoa coa do concello da Coruña, Galicia e ámbito nacional. Informe sobre a desigualdade social en Galicia. Informe sobre economía circular e integración social acadada a través de empresas sociais vencelladas a actividades de medio ambiente e compostaxe. O exemplo de Ecocelta. Informe sobre a lexislación de estranxeiría: tipos de permisos. Informe acerca da Teoría do cambio e as súas aplicacións. Deseño dun proxecto social para a ONGd Ecos do Sur no contexto da crise do Covid-19.
(2) Análise de fontes de datos	<ul style="list-style-type: none"> Análise da base de datos dos usuarios de Ecos do Sur con aplicacións da Teoría do Cambio.
(3) Formacións e servizos da entidade	<ul style="list-style-type: none"> Observacións nos servizos xurídico, de asistencia social, de orientación laboral, etc. Visita a unha das fincas de traballo agroecolóxico e de compostaxe. Formación, levada a cabo por “SOS Racismo” e “Por Causa”, en novos marcos narrativos e de combate perante discursos de odio.
(4) Acolidas e trato cos usuarios/as	<ul style="list-style-type: none"> Xornada grupal de benvida. Xornada de motivación en grupo. Xornada de formación académica pública para inmigrantes con pasaporte. Acolida individual con usuarios.
(5) Tareas de administración	<ul style="list-style-type: none"> Información aportada ós usuarios no primeiro contacto coa entidade. Campaña de chamadas a ex-usuarios para o seguimento da súa situación actual.

Resultados de aprendizaxe (I)


Tal e como manifestaron os propios estudantes, a elaboración de diversos informes, a análise de datos e a realización dun proxecto social, resultaron nunha mellora das súas capacidades, sendo ademais tarefas que teñen unha estreita relación e continuación co aprendido durante o Grao en Socioloxía.

Inda que a actividade da entidade ten un carácter claramente interdisciplinario, os coñecementos aprendidos no ámbito “aplicado” da Socioloxía son moi amplos e valiosos.

Así mesmo, as competencias e coñecementos adquiridos permitiron que os estudantes puidesen desenvolver e perfeccionar o uso de programas estatísticos e de procesamento de datos “reais” dos usuarios, dando pé a un coñecemento moito máis profundo da realidade social que estrutura o ámbito de acción da ONGd Ecos do Sur.

Resultados de aprendizaxe (II)

Doutra banda, os estudantes adquiriron coñecementos relativos ó uso de novas metodoloxías no marco da xestión, propostas e medición de impacto de proxectos sociais, tales como: análise PEST, DAFO, CAME, Árbore de obxectivos ou Reporte Social de Proxectos.



*Esquema dos pasos levados a cabo para realización dun proxecto social.
Fonte: memoria dos estudantes.*

Resultados de aprendizaxe (III)

Ademáis, as reflexións dos propios estudantes sobre os resultados do proxecto reflicten que tanto as actividades de seguimento e de interacción cos usuarios que realiza a entidade, como os traballos de proxección do seu programa social e a análise de datos, foron no seu conxunto tarefas moi ben percibidas polos estudantes en prácticas:

“O coñecemento adaptouse perfectamente á perspectiva sociolóxica e, por tanto, á rama de estudo dos estudantes en prácticas. Todo isto foi motivo dunha aprendizaxe importante, ademais de enriquecedora, xa que é a rama de análise e de visión sociolóxica a que máis interesa e motiva ao alumno. Nun plano, quizais máis persoal, é interesante destacar que o trato cos usuarios, en canto aos servizos que presta a entidade, foi completa e absolutamente interesante. É enriquecedor coñecer a distintos usuarios, falar con eles e aproximarse a unha realidade social que non é tan visible desde uns contextos vitais menos complexos. Tanto o trato con estas persoas, como observar as tarefas que realiza a entidade cos seus usuarios e os resultados positivos que acada (...), foi todo un privilexio” (Fonte: Memoria de prácticas do Estudante 2).

En definitiva, a realización do proxecto de ApS supuxo un espazo de reflexión, acercamento e inmersión dos estudantes nunha realidade sociolóxica que lles permitiu tratar de primeira man con diferentes e complexas problemáticas de natureza social e humana.



ONGd PARA LA INTEGRACIÓN
DE LAS PERSONAS MIGRANTES
Y LA COOPERACIÓN INTERNACIONAL



Facultade de Socioloxía
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Centro Universitario de Formación
e Innovación Educativa

Innovación Educativa Aprendizaxe Servizo (ApS)